

NOTA DE PRENSA

I FESTIVAL GALEGO DE TEATRO ESCOLAR DE COMPOSTELA

Este domingo 4 de marzo ofréceusenos a ocasión de gozar co teatro, paseando, nunha tarde enteira de actuación e representación. O I Festival de Teatro Escolar de Santiago acampou, organizado polo IES Antonio Fraguas Fraguas. Unha mestura de música, poesía, baile e teatro.

Desde as catro da tarde, tras a previa xuntanza na entrada do Museo do Pobo Galego, sete escenarios, sete treitos, sete expresións ilustradas, entre a igrexa e o parque de Santo Domingo de Bonaval, do que hai pouco foi e hoxe é Compostela. Persoas que vimos ou non, pero par nosa pasaron e nos acanearon, un mundo confundido entre realidade e ficción.

O coro **Afonic**, do devandito instituto, principiou as actuacións xunto con alumnos e profesores de Artes Escénicas cunha interpretación teatralizada de *Negra Sombra*. Seguidamente o público foi invitado a internarse no parque, cidade dos mortos aberta e continua. Un médico amigo dun dos seus enterradores achegouno ata el, amosou os seus negocios, a sensibilidade cos mortos (estivo presente *Un ollo de vidro* de Castelao). Tres mulleres coincidiron nun banco do parque, tres moradoras de tres nichos calquera, con rea e número, cun final de vida común e violento e unha existencia levadía e agradable agora, ata entre elas conversaron.

Lembráronse as primeiras emisións de Radio Galiza dende o devandito parque e na Zona C coa presenza dunhas convidadas especiais: Pilar Pereira e Ana Sanmartín. Sen acougo, cando lle cadrou, uns moínantes ou feirantes, saídos ou non de entre as reas de nichos, sorprendéron ao público invitándoo a participar das súas argalladas, improvisando a troula polas rúas desta habitada cidade dos mortos.

Baile, canto e recitación de poemas de Celso Emilio Ferreiro completaron este roteiro, acompañado sempre e aberta a andaina polo grupo Cantigas e Agarimos.

Chegadas as sete da tarde, xa no Teatro Principal, enfiados polo tema das posibilidades vitais do mundo da lectura, actuaron os grupos Aula de

Teatro do IES Antonio Fraguas de Compostela; O Obradoiro Municipal de Teatro de Palas de Rei; A Escola Municipal de Teatro de Laxe; A Aula de Teatro do CPI de Touro; A Aula de Teatro do IES Antón Losada Diéguez, Avelaíñas Teatro, da Estrada. Presentaron: UN PLANETA LITERARIO MÁXICO. Máis de douscentos actores e actrices, dende estudantes de infantil e primaria ata profesores xubilados, discorreron polo escenario amosando a súa arte creativa, acendendo no público a súa alma de interpretación da realidade cotiá e crítica. Todos eles con nervios e responsabilidade, co traballo coidadoso de horas dedicadas ao ensaio e ao dominio do xesto e a palabra, ordenados, sabedores dos mil ollos que os recoñecen e aplauden. Un espectáculo de esperanza e dignidade.